

OBRADOIRO DE RADIO



PROPOSTA PEDAGÓXICA



PROPÓSTA PEDAGÓXICA

OBRADOIRO DE RADIO



O obradoiro de RADIO “**O mundo que queremos**” persegue que os/as alumnos/as participantes coñezan e usen as técnicas radiofónicas para investigar, expresar e reflexionar en torno a un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Tamén para que pasen de ser consumidores pasivos dos medios de comunicación a produtores das súas propias mensaxes e discursos, tomando de este xeito unha actitude máis crítica ante os contidos que nos chegan dende a prensa, a radio, a tv ou internet.

O obxectivo do taller é que tódolos alumnos e alumnas poñan en marcha un pequeno espazo radiofónico que impulse a súa creatividade para a elaboración de pezas que versen sobre un dos ODS.

Un obradoiro...

- Para consumir máis criticamente os contidos dos medios de comunicación e coñecer a súa vertente máis social.
- Para reflexionar en torno os ODS
- Para afondar no universo radiofónico
- Para facernos donos do noso propio discurso
- Para perder o medo a falar en público e fomentar a creatividade
- Para traballar en equipo
- E sobre todo, para pásalo ben, que unha das mellores formas de adquirir coñecemento

PROPÓSTA PEDAGÓXICA

OBRADOIRO DE RADIO



NECESIDADES TÉCNICAS

O obradoiro precisa altofalantes para conectar co ordenador, proxector e unha pantalla de proxección. O Mundo que Queremos encargárase de aportar a mesa de radio con micrófonos e auriculares, o programa de edición e o ordenador. Tamén sería interesante contar con conexión a internet.

AS DATAS PREVISTAS:

O obradoiro constará de dúas intervencións de 100 minutos cada unha.

- 1º SESIÓN: un día a concretar no mes de xaneiro
- 2º SESIÓN: un día a concretar no mes de febreiro



PROPÓSTA PEDAGÓXICA

OBRADOIRO DE RADIO



PRIMEIRA SESIÓN: Reflexionamos sobre o Mundo que temos. 100m

- Presentación do obradoiro
- Reflexionamos en torno os medios de comunicación. Quen constrúe a nosa visión do mundo? Somos manipulad@s polos medios de comunicación? Como é a imaxe que transmiten os medios sobre as mulleres, os migrantes, o rural, o consumo...?
- Coñecemos os medios alternativos e as radios comunitarias de aquí e de alá.
- Achegámonos á radio, perdemos o medo, empezamos a imaxinar...locución radiofónica.
- Exercicio práctico: Ideas para mudar o mundo....Que podo facer eu para...??
- Introducción a linguaxe periodística e aos formatos radiofónicos (Informativo, dramático, publicitario, musical...)
- Comezamos a darlle forma o noso magacín radiofónico. Dividímonos en grupos en sinalamos as tarefas de cada quen.
- Dúbidas e reflexións finais.

Entre a primeira e a segunda sesión, teremos un marxe de entre tres e catro semanas. É o tempo no que o alumnado, acompañado polo mestre/a de referencia de O Mundo Que Queremos, deberá investigar sobre o ODS escollido e preparar os seus guións.

PROPÓSTA PEDAGÓXICA

OBRADOIRO DE RADIO



SEGUNDA SESIÓN: Construimos o Mundo Que Queremos. 100m

- Reflexión, locución, expresión, traballo en equipo, actuación, improvisación, seguridade.
- Reflexionamos sobre o Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable escollido ¿que nos encontramos a hora de afrontar a tarefa proposta? ¿Como cambiou a nosa visión? ¿Que aprendimos?
- Mesa de redacción: ¿que temos? tempo para dúbidas e para rematar os guions.
- ¿Como se locuta na radio? Vergoña fora, quentamento vocal, relaxación corporal e improvisación.
- Radio “O mundo que queremos” ao aire. Gravamos o noso produto radiofónico
- Reflexións finais e valoración individual do obradoiro.



PROPÓSTA PEDAGÓXICA

OBRADOIRO DE RADIO



OBSERVACIÓNS

- Procuraremos gravar a totalidade das pezas na segunda sesión. Se por calquera inconveniente isto no fose posible, sería necesaria contar coa colaboración do profesor/a titor do proxecto para enviar a peza cando estea lista.
- A profesora editará o programa de radio feito polos alumnos/as e subirao á plataforma online de O Mundo que queremos.
- O programa de edición que se utiliza é o Audacity (software libre)
- Facilitarase tanto os alumnos/as como os profesores/as tutores/as o mail e o teléfono de contacto da profesora para resolver calquera dúbida.

CONTACTO

ROCÍO CADAHÍA FERNÁNDEZ

PROFESORA DO OBRADOIRO DE RADIO

omqq@agareso.org

605316039